

ButacaZero prepara en Rianxo a estrea de 'Papagena', a ópera electrónica en galego coa que visitará, este outono, 14 localidades

A compañía dirixida por Esther F. Carrodegus e Xavier Castiñeira ensaia estas semanas na localidade do Barbanza, que acollerá dous ensaios abertos ao público os días 2 e 3 de setembro no auditorio municipal de Rianxo

O compositor galego Iago Hermo asina a música orixinal e o libreto desta creación contemporánea de pequeno formato, con perspectiva de xénero, que narra a historia dunha parella engaiolada nunha relación tóxica



Esther F. Carrodegus e Xavier Castiñeira co equipo de Papagena © Serxo González

25 de agosto de 2022.- A compañía ButacaZero, dirixida por Esther F. Carrodegus e Xavier Castiñeira, estreará este mes de setembro a súa nova creación: **Papagena**. A peza, que xirará por **14 localidades de Galicia** o vindeiro trimestre, é unha **ópera electrónica contemporánea de pequeno formato en galego**, con perspectiva de xénero, que narra a historia dunha parella engaiolada nunha relación tóxica á que dan vida a soprano **Esperanza Mara** e o barítono **Jacobo Rubianes Castelo**. Este mes de agosto, en **Rianxo**, a compañía ensaia e ultima todos os detalles previos á súa estrea absoluta. Coa intención de achegar o proceso á veciñanza, o público terá a oportunidade de asistir a dous **pases abertos** que terán lugar os días **2 e 3 de setembro** no auditorio municipal da localidade do Barbanza.

Papagena é unha ópera electrónica do compositor galego **Iago Hermo** inspirada na parella de persoas-paxaro da célebre *A frauta máxica*, de Wolfgang Amadeus Mozart. A peza, **na que Castiñeira e Carrodegus asumen por primeira vez a dirección escénica dunha ópera**, nace da vontade de afondar nos clichés de xénero presentes no eido da creación operística, mais tamén **pretende rachar con outras percepcións habitualmente asociadas ao mundo da lírica**: a lingua, os espazos de representación, o público destinatario ou mesmo o formato, o vestiario ou a escenografía, que non contará con elementos analóxicos e se baseará no espectralismo minimalista. O resultado, coa colaboración de Ana Arteaga na escenografía e de Diego Valeiras no vestiario, é un espectáculo **musicalmente inmersivo e visualmente contemporáneo** que levará a ópera a vilas onde non adoita chegar este estilo musical.

Con esta nova produción, unha **ópera galega e en galego**, ButacaZero mantén a súa aposta polo **risco escénico, pola creación emerxente** a través da colaboración con artistas de Galicia e pola **creación vinculada á temática social e cunha fonda implicación no territorio**. Neste sentido, un dos principais obxectivos da compañía viguesa é construír país arredor da cultura. Para iso, adaptarán a ópera contemporánea á realidade social galega, levándoa a espazos non convencionais para a súa representación e favorecer o achegamento, tanto do público adolescente coma adulto, á ópera a través dunha **experiencia única e inmersiva**.

Datas da xira de 'Papagena'

Papagena, que conta co apoio do Concello de Rianxo, poderase ver, a modo de preestrea, os días **2 e 3 de setembro** na sala Arcos Moldes do Auditorio Municipal da localidade do Barbanza (21.00 horas), na que a compañía está a ensaiar este mes de agosto. A entrada será libre ata completar a capacidade do recinto. Unha semana despois, o sábado 10 (21.30 horas), terá lugar a **estrea absoluta nas ruínas do convento de Santo Domingo, en Pontevedra**. O público poderá asistir gratuitamente á función previa reserva, sistema que se dará a coñecer desde a Deputación de Pontevedra proximamente.

A ópera chegará a outra dúzia de localidades nos vindeiros meses, **cunha función por cada fin de semana**. A primeira parada da xira será no porto de **Fisterra** (17 de setembro), para continuar en **O Grove** (24 de setembro), **Celanova** (1 de outubro), **Caldas de Reis** (9 de outubro), **Narón** (15 de outubro), **Tui** (21 de outubro), **Oleiros** (29 de outubro), **Gondomar** (5 de novembro), **Muros** (12 de novembro), **Boiro** (18 de novembro), **Bueu** (19 de novembro) e **Foz** (25 de novembro). Todas as datas, horarios e sistema de acceso ás funcións de *Papagena* estará dispoñible na páxina web da compañía, butacazero.net.

CONTACTO DE PRENSA BUTACAZERO

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira | 620 113 155

Lucía Pita | 675 404 321

prensa@theofficeco.es

KIT DE PRENSA 'PAPAGENA'

https://www.dropbox.com/sh/ukey52h3ajij8eo/AAAJG0omHpS5BQnP_DKzju_ca?dl=0